

# Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



## *Cortaderia spp.*

O Plumeiro ou Herba da Pampa é una herba gramínea de orixe suramericana que foi introducida para o seu cultivo ornamental. A primeira especie citada en Galicia é a *Cortaderia selloana* no ano 1988. Ten unha gran capacidade invasiva pola súa elevada produción de sementes (cada planta feminina chega a producir ata un millón delas) e pola diversidade de ambientes que coloniza, como os hábitats antropizados (beiras de autoestradas, solares abandonados, queimados...), os espazos naturais costeiros, as dunas, os humedais, etc. Modifica a paisaxe e despraza ás especies autóctonas pola forte competencia que exerce sobre o sustrato e os recursos (auga e nutrientes). A gran cantidade de biomasa que produce favorece os incendios, rebrotando posteriormente con grande intensidade. A súa gran produción de pole pode provocar problemas alérxicos á poboación humana. Colabora no Atlas escribindo a [botanica@sghn.org](mailto:botanica@sghn.org)

[http://www.sghn.org/Seccion\\_Botanica/Seccion\\_Botanica.html](http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html)

